

## **Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Decembro 2006**

### **COMUNICADO**

---

#### **En decembro de 2006 aumenta o gasto dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia respecto ao mesmo mes do ano anterior**

**O gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia aumentou en decembro de 2006 nun 8,5% en taxa interanual.**

Segundo datos da “Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros” correspondentes ao mes de decembro de 2006, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos aumentou en termos correntes nun 8,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, situándose en 25,7 millóns de euros.

Este aumento débese en grande medida ao aumento interanual do 8,1% rexistrado no número de pernoitas realizadas por parte dos viaxeiros deste tipo de establecementos, aínda que tamén aumentou lixeiramente o gasto diario medio. Neste sentido en decembro de 2006 o gasto diario medio por persoa ascendeu a 119,5 euros, o que supón un crecemento do 0,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior.

En decembro de 2006 o gasto total realizado polos viaxeiros que pernoitan nos establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas situados na provincia da Coruña foi de 12,7 millóns de euros, presentando unha variación interanual do 10,2%. O correspondente á provincia de Pontevedra aumentou nun 5% en taxa interanual, situándose nos 9,7 millóns de euros. Destaca o crecemento do 29,2% rexistrado en termos interanuais no gasto dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros da provincia de Ourense, cuxo importe ascendeu aos 1,4 millóns de euros. En Lugo foi de 1,8 millóns de euros, rexistrando un aumento do 2,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Tendo en conta a categoría dos establecementos hoteleiros, o gasto realizado polos viaxeiros de establecementos hoteleiros de tres e catro estrelas de Galicia aumentou en decembro de 2006 en termos interanuais, mentres que diminuíu nos de cinco. Así, en tres e catro estrelas se rexistraron incrementos interanuais de 26,3%, e 6,1%, acadando un importe de 8,7 e 14,4 millóns de euros respectivamente. Nos establecementos de cinco estrelas o importe total do gasto foi de 2,6 millóns de euros, experimentando un descenso interanual do 19,0%.

No conxunto do ano 2006 produciuse un incremento no gasto total do 14,2% respecto ao rexistrado no ano 2005.

Segundo a provincia na que se sitúan os establecementos, destaca o incremento do 22,8% rexistrado na provincia da Coruña, seguido en orde de importancia pola variación do 15,9% ocorrida na provincia de Lugo. Pola súa parte, o gasto total amentou nun 9,3% e 6,2% nas provincias de Ourense e Pontevedra respectivamente.

Segundo a categoría dos establecementos, no conxunto do 2006 destaca o aumento do 21,1% rexistrado nos establecementos hoteleiros de 5 estrelas respecto ao ano anterior. En orde de importancia séguelle o aumento do 17,6% rexistrado nos establecementos hoteleiros de 3 estrelas, mentres que nos de catro a variación anual do gasto foi do 10,7%.

**O gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas de Galicia aumentou en decembro de 2006 nun 0,4% en taxa interanual.**

En decembro de 2006 o gasto diario medio por persoa situouse en 119,5 euros, o que supuxo un incremento interanual do 0,4%.

O gasto diario medio por persoa foi de 125,2 e 118,7 euros nos establecementos hoteleiros situados na provincia da Coruña e Pontevedra, presentando variacións interanuais do 3,1% e -2,7% respectivamente. Nas provincias de Lugo e Ourense rexistrouse unha variación do -12,7% e 21,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, acadando un importe de 103,3 euros e 104,4 euros respectivamente.

Segundo a categoría dos establecementos, o gasto diario medio por persoa aumentou en decembro de 2006 nun 8,6% en termos interanuais nos establecementos hoteleiros de 3 estrelas, acadando un importe de 105,1 euros. No resto de categorías consideradas produciuse un descenso do gasto diario medio por persoa respecto ao mesmo mes do ano anterior. Así nos establecementos hoteleiros de 4 e 5 estrelas o gasto diario medio por persoa ascendeu a 122,3 e 178,9 euros respectivamente, o que supuxo un descenso interanual do -0,7% e -2,4% en cada caso.

Non obstante, no conxunto do 2006 produciuse un aumento do 19,3% no gasto diario medio realizado polos viaxeiros de establecementos hoteleiros de 5 estrelas de Galicia, acadando un importe de 217,5 euros. A variación anual do gasto diario medio realizado polos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 4 e 3 estrelas foi similar, acadando unha taxa de 3,7% e 3,8% respectivamente. O importe do gasto diario medio nos establecementos hoteleiros de 4 e 3 estrelas de Galicia ascendeu a 144,0 euros e 110,3 euros no conxunto do ano.

No total de Galicia, o gasto diario medio por persoa no ano 2006 foi de 133,7 euros o que supuxo un crecemento anual do 4,6% respecto ao ano anterior.

**Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Decembro 2006. Datos provisionais.**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	25.754,0	8,5%	14,2%
Gasto diario medio por persoa (euros)	119,5	0,4%	4,6%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Gasto total (miles de euros)	25.754,0	8,5%	13,9%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

**Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Decembro 2006. Datos provisionais.**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
<b>Gasto total</b> (miles de euros)	25.754,0	8,5%	14,2%
A Coruña (miles de euros)	12.676,1	10,2%	22,8%
Lugo (miles de euros)	1.841,6	2,8%	15,9%
Ourense (miles de euros)	1.488,6	29,2%	9,3%
Pontevedra (miles de euros)	9.747,7	5,0%	6,2%
<b>Gasto diario medio</b> (euros)	119,5	0,4%	4,6%
A Coruña (euros)	125,2	3,1%	9,4%
Lugo (euros)	103,3	-12,7%	2,0%
Ourense (euros)	104,4	21,3%	3,1%
Pontevedra (euros)	118,7	-2,7%	0,1%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros




### Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Decembro 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
<b>Gasto total</b> (miles de euros)	25.754,0	8,5%	14,2%
3 estrelas (miles de euros)	8.718,9	26,3%	17,6%
4 estrelas (miles de euros)	14.428,3	6,1%	10,7%
5 estrelas (miles de euros)	2.606,9	-19,0%	21,1%
<b>Gasto diario medio</b> (euros)	119,5	0,4%	4,6%
3 estrelas (euros)	105,1	8,6%	3,8%
4 estrelas (euros)	122,3	-0,7%	3,7%
5 estrelas (euros)	178,9	-2,4%	19,3%

FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
Fax: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>